PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A LICITACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DO LIXO E LIMPEZA VIARIA, TRANSPORTE PÚBLICO, E XESTIÓN DOS CENTROS SOCIOCULTURAIS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de xuño de 2020, o alcalde presentou o Plan de Contratación do Concello de Santiago para o ano 2020, un listado das previsións contractuais dos distintos servizos municipais para este ano que está a piques de remantar. Na presentación dese documento, cando xa tiñan transcorridos case tres meses da declaración do estado de alarma por mor da pandemia da Covid-19, Xosé Sánchez Bugallo sinalou que "*este plan influirá de xeito positivo na reactivación económica do Concello. Vai haber un investimento moi importante, creación de emprego e unha mellora notable da calidade dos servizos"*. O alcalde falou tamén, tal e como se recolle na páxina web municipal, de que *"o desenvolvemento deste plan precisa dun esforzo extraordinario, xa que non é habitual este volume de contratación"*.

No Plan de Contratación incluíronse máis de 70 contratos dos diferentes departamentos municipais, e o goberno salientou na súa presentación que sumaban un orzamento de 800 millóns de euros, deixando nun segundo plano que ese orzamento se refire a todos os anos de vixencia dos diferentes contratos, e que máis da metade desa contía, 425 millóns de euros, responde ao contrato para a xestión dos servizos de abastecemento e saneamento que o Goberno quere adxudicar por un prazo de 25 anos.

Á marxe diso, no Plan de Contratación figuran procedementos de licitación moi importantes e que lle afectan directamente á veciñanza. Un deles é o do servizo de recollida do lixo e limpeza viaria, para o que o Goberno contempla un orzamento de máis de 114 millóns de euros e un contrato dunha duración de 10 anos prorrogables por dous máis. Tamén aparece nese listado o servizo de xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do municipio de Santiago de Compostela, cun

importe de máis de 117 millóns de euros, e unha adxudicación por 12 anos. Por último, destaca no Plan de Contratación a previsión de licitar os servizos na rede de centros socioculturais en catro lotes: atención ao público, animación sociocultural, servizo de novas tecnoloxías, e bibliotecarios para a Biblioteca Pública Municipal José Saramago. Para ese procedemento prevese un orzamento de 4,2 millóns de euros, e unha adxudicación por dous anos prorrogables por outros dous.

Ao remate do anterior mandato, o Goberno de Compostela Aberta deixou preparados os pregos para a licitación tanto do servizo de recollida do lixo e limpeza viaria como do transporte urbano. No caso do primeiro dos servizos, a concelleira responsable Mila Castro ténse comprometido en declaracións aos medios de comunicación a que o contrato estivera listo na primavera de 2020. En xuño pasado, foi o propio alcalde o que afirmou que a intención do Goberno era iniciar a licitación no mes de xullo. É evidente que eses prazos non se cumpriron, e descoñécese se se cumprirá a previsión do Plan de Contratación de inicialo neste ano 2020. En canto ao servizo de transporte urbano, para o que tamén estaban feitos xa uns pregos ao remate do anterior mandato, o concelleiro responsable, Gonzalo Muíños, dixo en setembro de 2019 que a licitación arrancaría antes de finalizar ese ano, ao tempo que avanzou cambios no mapa de liñas que a día de hoxe aínda descoñecemos.

Como é sabido, os traballadores e traballadoras dos servizos de transporte urbano, así como os da recollida do lixo e da limpeza viaria veñen protagonizando concentracións ás portas do Pazo de Raxoi coincidindo cos Plenos da Corporación, para mostrar o seu malestar pola falta de diálogo do Goberno local en relación a dous procesos de contratación que lles afectan directamente. O persoal das concesionarias carece de información ao respecto dos plans do Goberno, ao igual que os grupos municipais da oposición descoñecen as previsións do Executivo en relación destes contratos fundamentais para a veciñanza, e de moi longa duración.

Por último, no que tén que ver co servizo de xestión dos Centros Socioculturais, dividido en catro lotes, resulta sorprendente que o mesmo concelleiro, Javier Fernández, que ten manifestado a súa queixa e crítica da empresa concesionaria -que foi contratada a través dun procedemento aberto e regrado- despois non sexa capaz de aprobar un novo prego e continúe prorrogando o contrato con esa mesma empresa que critica.

Por todo o anterior, o grupo municipal de Compostela Aberta traslada ao Pleno o seguinte **ACORDO** para instar ao correspondente órgano muncipal a:

1. Que con carácter previo á apertura do procedemento de adxudicación -e cun tempo mínimo para permitirlles aos grupos aclarar dúbidas ou facer achegas- se lles expoñan aos referidos grupos municipais as prescricións ou características dos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo, e de centros socioculturais

2. Que se liciten os referidos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo e de centros socioculturais de xeito inmediato, sen menoscabo do previsto no apartado anterior

3. Establecer as necesarias canles de diálogo coa representación dos e das traballadoras das concesioanarias, para coñecer as súas opinións, demandas e suxestións de mellora antes de iniciar a redacción destes ou doutros pregos municipais.

Santiago de Compostela, 7 de Decembro do 2020

Marta Lois González

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta

COMPOSTELA ABERTA
GRUPO MUNICIPAL

AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA